

Lugo, catorce de setembro do 73

Señor don Luis Seoane.-La Coruña

Meu querido amigo: Souben por unha carta do amigo Piñeiro que habías adiantado o teu viaxe a Bos Aires. Tamén souben que foras homenaxado na Cruña.

Por ~~tede~~ sabere o adiantamento do teu viaxe fun hoxe á librería de Alonso. Habíamos quedado en que se-fianuguraran es as novas estanzas c-unha exposición de grabados teus, prós días do San Froilán, no cinco do mes de outubro.

Mais dixéronme que ~~era-posible~~ adiantarían a inauguración de moi grado pró sábado vintedós de iste mes de setembro. ¿podrías vir ti cos grabados a Lugo o día vinteún, viernes? Teñan grande intrés en inaugurala cos teus grabados. Ou o mesmo día vintetrés, sábado pol-a mañ-amañá.

~~Por-iso-prógocho-que-me-respostes-a-volta-de-correo.-Cecais-o-viernes-fose-millor-~~ Mais penso que sería moi procedente a túa presenza o mesmo día da inauguración, sábado, vintedós.

Prégoche que me resposte á volta de correo, pra dare tempo prá propganda.

Eu pensaba que non te marchabas hastra mediados do mes de outono.

Repito as gracias pol-o tan espléndido regalo do teu cadro, que xa é famoso en LUGO. Todos din que se parece moitismo ós de Picasso. Boeno.

Os meus agarimosos saúdos pra túa dono e unha forte aperta pra tí

Pronto adicaremos unha "Táboa Redonda" a pintura galega, na base da Eispocisión de NOve P<sub>i</sub>ntores Galegos de fai us anos en Madrid.

*Manuel Fola*

*(Manuel Fola)*